

VIERNES, 16 de febrero de 2007

REPORTAJE: DO TRINQUE / LIBROS | LUCES

Crónicas para explicar un país

Un repaso á incidencia do marxismo en Galicia, o auxe da tradución ou a nova obra de Xavier Queipo centran a edición en galego

D. SALGADO | 16 FEB 2007

Archivado en: [Crítica literaria](#) [Crítica](#) [Segunda república española](#) [Ensayo](#) [Narrativa](#) [Literatura](#) [Historia contemporánea](#) [Empresas](#) [Historia](#) [Economía](#)
[Cultura](#)

No que probabelmente sexa o volume máis groso publicado por Xesús Alonso Montero, *Intelectuais marxistas e comunistas en Galicia*, o catedrático vigués repasa a grande e a pequena historia das mulleres e dos homes galegos que militaron no ronsel da obra teórica de Karl Marx. "Eu apenas son un cronista do comunismo galego, e ultimamente escribo demasiadas notas necrolóxicas de camaradas", apunta o autor. Edita Xerais.

Dentro do xénero ensaístico, a colección *Documentos* de Edicións do Castro recolle en libro, editados por Emilio Grandío Seoane, os discursos parlamentarios de Santiago Casares Quiroga nos anos da II República. Casares Quiroga, dirixente da ORGA e derradeiro presidente democrático antes da Guerra Civil, morreu no exilio parisino.

Na editorial Laiovento, que tradicionalmente centra esforzos na publicación de ensaio, veñen de tirar á luz unha escolma de conferencias e discursos de Manuel Caamaño Suárez, *Dun tempo e dun país*. En *Lingua, nación e identidade*, o profesor da Universidade da Coruña Xosé Ramón Freixeiro Mato reflexiona sobre as relacións entre galego e portugués ou as linguas minorizadas de Europa. Laiovento anuncia, asemade, unha escolla de textos situacionistas realizada por Xesús González Gómez.

O regreso á narrativa de Xavier Queipo con *Dragona* (Edicións Xerais) traza unha "novela de personaxes nunha cidade sumidoiro". Logo de *Glosarios*, o libro de poemas que Queipo sacou en 2004, *Dragona* desenvolve unha serie de personaxes atípicas "chegadas dos catro cantos do mundo". Xerais encárgase, igualmente, de poñer en circulación o novo traballo de Francisco A. Vidal Blanco, *Os pecados capitais*, premio Terra de Melide hai dous anos.

O premio Manuel García Barrós aparece nas librarías da man de Galaxia. *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, do escritor e xornalista Manuel Veiga, dá unha nova volta ao tema da soidade inesperada. Tamén a Editorial Galaxia publica o premio Repsol de Narrativa Breve, *Se algún día esta muller morta*, do igualmente escritor e xornalista Miguel Sande. A violencia machista nutre a narración de Sande.

A literatura galega experimenta nos últimos meses a vizosidade da tradución literaria. Galaxia vén de editar a versión en galego de Eva Almazán do último Paul Auster, *Viaxes no scriptorium*, ao mesmo tempo que saltaba ás librarías en catalán e en castelán. O clásico *Óliver Twist*, de Charles Dickens, encádrase na liña *Clásicos Universais* de Galaxia e chega verquido ao galego por Moisés Barcia.

Precisamente a empresa editorial que dirixe Moisés Barcia, Rinoceronte Editora, é unha das máis conspicuas responsábeis do auxe da tradución no sistema literario galego.

Dedicada integramente á publicación en galego de obras internacionais, *A ponte sobre o Drina*, do premio Nobel iugoslavo Ivo Andric e traducido por Jairo Dorado Cadilla, constitúe a última achega de Rinoceronte na colección *Clásicos. Obras anteriores a 1950*. O propio Barcia fai a primeira versión na lingua de Rosalía do *Decamerón*, o libro que o italiano Giovanni Bocaccio escribiu entre 1348 e 1353. Cun texto introdutorio de Álvaro Cunqueiro, o *Decamerón* inaugura a nova serie *Vétera* de Rinoceronte, dedicada a "textos antigos".

A *Crónica persoal* de Xoán-Manuel Casado recompila nun so texto a poesía completa en galego, elaborada entre 1973 e 2002, do escritor catalán descendente de galegos. En palabras da crítica e poeta María do Cebreiro, "poesía da experiencia ben entendida". A edición corre a conta de Xesús González Gómez para *Arte de Trobar*, a colección de poesía do Pen Clube de Galicia.

Espiral Maior, a máis activa das editoras de poesía de Galicia, deixa na rúa o primeiro libro de poemas en galego de Ramón Reboiras, *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, o ídem da mexicana filla de emigrantes galegos Pura Salceda, *A ollada de Astarté*, e o premio Johán Carballeira de 2006, *As horas de María*, de Paco Souto.

En Tambo, o selo editorial dependente da Deputación de Pontevedra, tiran poemarios do pintor Antón Patiño -*Océano e silencio*-, de Manuel R. Romón -*Poesía barata*-, de Manuel Álvarez Torneiro -*Parábola do incrédulo*-, de Xabier Paz -*Filoxenia do sangue*- ou de Fidel Vidal -*A camelia oxidada*-.

Xerais dedica un espazo ao teatro que abeira o debú en libro de Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue*, a reedición de *Farsa de Bululú*, de Manue María e unha tradución da Elfried Jelinek. **ESPAZO CONSTRUIDO**